

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

INFORME PROPOSTA DO SERVIZO DE CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO

ASUNTO: CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE MATERIAL DEPORTIVO ÓS PARTICIPANTES NA CARREIRA “CORRE CON NÓS” – 2010 - MEDIANTE A ENTREGA DE VALES. APROBACIÓN DOS PREGOS DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO E A ADXUDICACIÓN POR PROCEDEMENTO ABERTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN.

ANTECEDENTES

I. Informe-proposta do servizo municipal de deportes sobre a necesidade de adquirir material deportivo directamente os participantes premiados nas carreiras Corre con nós mediante a entrega de vales a canxear posteriormente no Concello así como as condicións esixidas para a celebracion do correspondente contrato.

IV. Informe de Intervención do día 16 de marzo no que se pon de manifesto a existencia de crédito na partida 34100.22609 do vixente orzamento xeral.

V. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación de referencia redactado polo servizo de contratación do Concello con data 16 de marzo de 2010

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref^o: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira. Segundo se desprende do artigo 19.1 a) da LCSP, pódense considerar contratos administrativos especiais aqueles de obxecto distinto do sinalado no apartado a) do mesmo artigo pero que teñan natureza administrativa especial por resultar vinculados ó xiro ou tráfico específico da Administración contratante, por satisfacer de forma directa ou inmediata unha finalidade pública da específica competencia daquela, sempre que non teñan expresamente atribuído o carácter de contratos privados conforme ó parágrafo segundo do artigo 20.1, ou por declaralo así unha lei.

No caso que nos ocupa estamos ante un contrato no que se subministra material deportivo se ben non o adquire directamente o concello senón os participantes premiados pola súa fidelidade na participación das carreiras de Corre con Nós, ós que se lles fai entrega dun vale por un importe que lles permitirá adquirir no establecemento/s que resulten adxudicatario/s do contrato o material deportivo á súa elección procedendo posteriormente o Concello ó pagamento dos correspondentes importes á empresa adxudicataria previa presentación da factura. Con este contrato satisfácese unha finalidade e competencia municipal como é a realización de actividades deportivas fomentando a participación nestas mediante o ofrecemento dun premio.

Con este contrato se pretende establecer un abanico o máis amplo de establecementos para que os participantes premiados poidan acudir ó da súa elección. Neste senso resultarán adxudicatarios tódolos establecementos que oferten cando menos a porcentaxe mínima de desconto esixida nos pregos.

Segunda. Segundo se desprende do artigo 19.2 da LCSP, os contratos administrativos rexeráanse en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción pola propia lei e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e no seu defecto, as normas de dereito privado. Non obstante, aos contratos administrativos especiais, como é o presente caso, seranlles de aplicación ás súas normas específicas.

Terceira. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

Contén , con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o negociado sen publicidade, de acordo co previsto nos artigos 122 e 159 da LCSP.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda da Lei de contratos do sector público, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.

Por todo o anteriormente exposto e no uso das atribucións conferidas á Xunta de Goberno Local na disposición adicional segunda da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público, e a normativa específica de aplicación, propónselle á Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobar a CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE MATERIAL DEPORTIVO ÓS PARTICIPANTES NA CARREIRA “CORRE CON NÓS MEDIANTE A ENTREGA DE VALES cun presuposto máximo de 22.750 euros

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán na licitación dos traballos sinalados no parágrafo anterior, sendo o seu teor literal o seguinte:

PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE MATERIAL DEPORTIVO ÓS PARTICIPANTES NA CARREIRA “CORRE CON NÓS”- 2010 - MEDIANTE A ENTREGA DE VALES

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO

É obxecto deste contrato a subministracion ós participantes premiados pola asistencia en a lo menos seis das oito carreiras programadas do “Corre con Nós” de material deportivo mediante a entrega por parte dos premiados á/ás empresa/s adxudicataria/s dos correspondentes vales por valor de 40 euros IVE incluído no caso de rapaces e rapazas nados no ano 1994 e posteriores e de 30 euros IVE incluído no caso dos adultos.

CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref^o: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

O concello de Lugo aboará a/as empresa/s adxudicataria/s o importe do vale co desconto que resulte, se é o caso, da adxudicación deste contrato e que como mínimo será do 50% (20 euros no caso de vales escolares e 15 euros para vales de adultos)

O material deportivo que se entregue ós participantes premiados ten que ser do que habitualmente ten á venda os establecementos adxudicatarios e en ningún caso outro material non habitual. Co fin de garantir este aspecto o Concello de Lugo resérvase o dereito de poder inspeccionar o material durante o período de validez do vale.

Os posuidores dos vales poderán canxealo polo material deportivo que habitualmente estea á venda na tenda e poderá facelo en calquera dos establecementos que participen neste procedemento e resulten adxudicatarios. O vale terá que ser canxeado nunha soa tenda e non poderá acumutarse a outros descontos ou promocions.

O período de canxe do vale será dende o 16 ó 30 de xuño de cada ano, ámbolos dous incluídos.

O presente contrato consta de DOUS LOTES, podendo presentarse ofertas a cada un deles ou á totalidade do contrato:

- **LOTE 1: material deportivo para escolares (650 vales)**

- **LOTE 2: material deportivo para adultos (650 vales)**

CNAE-2009: 47.64...comercio polo miúdo de artigos deportivos en establecementos especializados.

CPV: 37400000-2 Artigos e material deportivo

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO.

Trátase dun contrato administrativo especial recollido e regulado no artigo 19 da LCSP, e que ten por obxecto a subministración ós participantes premiados pola asistencia en a lo menos seis das oito carreiras programadas de “Corre con Nós” de material deportivo.

Para a lexislación aplicable deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).

CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público (LCSP).
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Real decreto 39/97 do 17 de xaneiro sobre regulamentación dos Servicios de Prevención.
- Real decreto 486/97 do 14 de abril sobre disposicións mínimas de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- Calquera outra disposición legal vixente que lle sexa de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 194 da LCSP e dentro dos límites e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten as prerrogativas de interpretar o contrato administrativo, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos da mesma.

TERCEIRA. DURACIÓN DO CONTRATO

A duración deste contrato é de UN ANO contados a partires da formalización do contrato administrativo se ben poderá ser obxecto de prórroga por períodos anuais previo acordo do órgano de contratación adoptado con anterioridade á finalización da duración inicial ou se é o caso de cada unha das prórrogas, sen que a duración total incluídas as prórrogas exceda de CATRO ANOS

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

4.1.- O prezo do contrato para os dous lotes e para a primeira anualidade é de **22.750** euros (vintedous mil setecentos cincuenta euros), resultado de multiplicar 1.300 vales polo valor de cada vale -unha vez aplicado o desconto mínimo (50%) esixido en función da categoría- esto é, 20 euros para os nenos/as e 15 euros para adultos, correspondendo do dito prezo a cantidade de de 3.137,93 euros ó 16% de IVE euros*. En consecuencia o prezo sen IVE (valor estimado) do contrato para a primeira anualidade ascende a 19.612,07 euros.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

O prezo do contrato desglosado en dous lotes é como segue:

Lote 1: material deportivo para escolares (650 vales) : 13.000 euros IVE (16%) incluído

Lote 2: material deportivo para adultos (650 vales) : 9.750 euros IVE (16%) incluído.

*** Non obstante e tendo en conta que a partir do 1 de xullo de 2010, e de conformidade coa Lei 26/2009 de 23 de decembro de Presupostos Xerais do Estado para este ano , o tipo impositivo do Imposto de Valor Engadido para estes contratos será do 18%, para as anualidades seguintes e no caso de prorrogarse o contrato aplicarase o tipo impositivo que corresponda sen que este aumento supoña un maior custo para o Concello que o resultante da adxudicacion dos contratos.**

Non obstante, o prezo do contrato será o que resulte dos descontos ofertados polos licitadores nas súas proposicións.

4.2.- O valor estimado deste contrato tendo en conta a súa duración e incluídas as prórrogas ascende a 77.451,05 euros.

Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na partida 34100.22609 do orzamento xeral de 2010, por importe de 22.750 euros

Dada a especial natureza do contrato NON procederá a revisión de prezos.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

Este contrato adxudicarase polo procedemento aberto previsto e regulado polos artigos 122 e 141 e seguintes da LCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 43 e seguintes da LCSP.

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

CONTRATAACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constitúa o obxecto do contrato. **As empresas licitadores deberán ser establecementos comerciais adicados á venda habitual de material deportivo e con local de venda no concello de Lugo.**

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as unións de empresarios que se constitúan temporalmente de conformidade co artigo 48 da LCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- b) Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- c) Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou de inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias de dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

6.2 A solvencia técnica poderá ser xustificada por un ou varios dos medios seguintes:

- a) Relación dos principais servizos ou traballos realizados nos últimos tres anos que inclúa o importe, datas e o destinatario, público ou privado, deles. Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público, ou cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este, ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario; no seu caso, estes certificados serán comunicados directamente ó órgano de contratación pola autoridade competente.
- b) Indicación do persoal técnico ou das unidades técnicas, integradas ou non na empresa, participantes no contrato, especialmente aqueles encargados do control de calidade.
- c) Descrición das instalacións técnicas, das medidas empregadas polo empresario para garantir a calidade e dos medios de estudo e investigación da empresa.
- d) Cando se trate de servizos ou traballos complexos ou cando, excepcionalmente, deban responder a un fin especial, un control efectuado polo órgano de contratación ou, en nome deste, por un organismo oficial ou homologado competente do Estado no que estea establecido o empresario, sempre que medie acordo do devandito organismo. O control versará sobre a capacidade técnica do empresario e, se fose preciso, sobre os medios de estudo e investigación de que dispoña e sobre as medidas de control de calidade.
- e) Titulacións académicas e profesionais do empresario e do persoal directivo da empresa e, en particular, do persoal responsable da execución do contrato.
- f) Nos casos axeitados, indicación das medidas de xestión medioambiental que o empresario poderá aplicar ó executar o contrato.
- g) Declaración sobre a plantilla media anual da empresa e a importancia do seu persoal directivo durante os tres últimos anos, acompañada da documentación xustificativa correspondente.
- h) Declaración indicando a maquinaria, material e equipo técnico do que se disporá para a execución dos traballos ou prestacións, á que se xuntará a documentación acreditativa pertinente.
- i) Indicación da parte do contrato que o empresario ten eventualmente o propósito de subcontratar.

SÉTIMA .- GARANTIAS

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

Dada a especial natureza do contrato e conforme o artigo 83.1 da LCSP **non será esixible garantía provisional nin garantía definitiva**

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es)
O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en dous sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e B de OFERTA ECONÓMICA.

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá en caso de coincidir en 22 de maio ou 24 e 31 de decembro que se prorrogará ó primeiro día seguinte hábil.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificarla data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

Faise constar expresamente a non admisibilidade de variantes ou alternativa nas proposicións por tratarse dun contrato cun obxecto perfectamente determinado.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref#: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E PROPOSTA ECONÓMICA

O sobre denominado A, documentación administrativa, conterà, como mínimo, os seguintes documentos:

- Acreditativos da personalidade do licitador, que poderán ser:

a) DNI do licitador, se se trata de empresario individual, ou escritura de constitución se se trata dunha sociedade, debidamente inscrita no seu correspondente rexistro.

b) Poder bastantado: os que comparezan ou asinen proposicións representando a outra persoa ou entidade presentarán poder debidamente bastantado pola Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou por funcionarios do servizo de contratación do Concello habilitados ó efecto. Para isto, presentarse orixinal e fotocopia nas oficinas de contratación do Excmo. Concello de Lugo, cunha anterioridade mínima de dous días hábiles ó remate do prazo de presentación das proposicións, das 9,30 ás 14,00 horas, de luns a venres e aboarase a correspondente taxa (9,70 euros aprox.). Se a empresa fose persoa xurídica, o poder deberá estar debidamente inscrito no Rexistro Mercantil.

- Acreditación da solvencia económica, financeira e técnica e profesional polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

- Declaración responsable do licitador na que se faga constar que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 49 da LCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba ser presentado antes da adxudicación definitiva, polo empresario a favor do cal se vaia efectuar esta. Cando se trate de empresas de estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o espazo económico europeo, e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Tributaria e o Concello de Lugo, respectivamente segundo se trate de tributos estatais ou municipais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

- Presentación da alta e, se é o caso, do último recibo do imposto sobre actividades económicas.

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou pola Xefa do Negociado de Rexistro deste Excmo. Concello.

No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que achegar a seguinte:

- Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

- Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do Acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Certificación expedida pola respectiva representación diplomática española na que se faga constar que figuran inscritas no rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, se non, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de representación diplomática española sobre a condición do estado signatario do Acordo sobre contratación pública da Organización Mundial do Comercio ou, no caso contrario, o informe de reciprocidade a que se refire o artigo 23-1º da Lei de contratos das administracións públicas.

- Declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puidesen xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que achegar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

O sobre denominado B, Oferta Económica, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con domicilio en e DNI número, expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF número, fai constar:

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

a) Que solicita tomar parte no concurso convocado para a **CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACION DE MATERIAL DEPORTIVO ÓS PARTICIPANTES NA CARREIRA “CORRE CON NÓS”- 2010 - MEDIANTE A ENTREGA DE VALES**

b) Propón como prezo do contrato as seguintes:

- **Lote 1 - material deportivo para escolares:** propón unha porcentaxe de desconto sobre o prezo do vale - 40 euros - de%
- **Lote 2: material deportivo para adultos:** propón unha porcentaxe de desconto sobre o prezo do vale - 30 euros- de.....%

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

O licitador poderá acompañar á súa oferta canta documentación complementaria estime conveniente para a mellor comprensión e xustificación dela.

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DE PLICAS

De conformidade co previsto no artigo 295 LCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:

PRESIDENTA: Sra Concelleira Delegada da Area de Economía e Emprego.

VOGAIS:

- O Concelleiro de Deportes.
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

O acto de apertura das ofertas (sobre B) celebrarase o segundo día natural contado a partir do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se o dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase o seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Resultando aconsellable a máxima oferta para os participantes premiados de modo que calquera destes poda acudir ó establecemento que, cumprindo os requisitos esixidos nestes pregos, satisfaga mellor as súas necesidades, non se establecen criterios de selección algún, senón que **admitiránse a todos aqueles establecementos que cumpran os requisitos esixidos neste procedemento e que e que oferten unha porcentaxe mínima de desconto do 50% sobre o prezo de vale para cada lote.**

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN PROVISIONAL E DEFINITIVA

1. A adxudicación provisional será efectuada polo órgano competente a proposta da Mesa de Contratación, unha vez obtidos, de ser o caso, os informes técnicos necesarios. Deberá notificarselles ós candidatos ou licitadores e publicarse no B.O.P e no perfil do contratante.

2. A elevación a definitiva da adxudicación producirase unha vez transcurridos quince días hábiles contados dende o seguinte a aquel en que se publique esta última no perfil do contratante do Concello de Lugo. Neste prazo, o adxudicatario deberá presentar a documentación acreditativa de atoparse ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

3.- O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do contrato así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

A formalización do contrato en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación definitiva, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Antes da formalización do contrato a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

No caso de que o contrato fose adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán estas acreditar a súa constitución da mesma, en escritura pública, dentro do prazo outorgado pra a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o contrato dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a súa resolución así como a incautación da garantía provisional que, se é o caso, fose constituída, podéndose adxudicar ó licitador ou licitadores seguintes a aquel, por orde das súas ofertas, contando coa conformidade do novo adxudicatario.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO CONTRATO.

1. Os traballos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do contrato (Coordinador de deportes do Concello), o cal terá as facultades sinaladas no artigo 41 da LCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal, deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

2. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 194, 195 e 202 da LCSP.

3. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 209 da LCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

4. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 210 da LCSP, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 211 da LCSP.

DÉCIMO SEXTA. GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do contrato, incluíndose anuncios de licitación e taxas (200 euros, aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase así mesmo, obrigado ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO SÉTIMA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.
- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as disposicións vixentes en materia laboral, de Seguridade Social e de Seguridade e Hixiene no traballo.
- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos Laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

- 1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.

3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levarlos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

Xúntase anexo ó presente prego para que sexa cuberto pola empresa e enviado ó Concello.

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

DÉCIMO OITAVA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ás condicións técnicas particulares e demais aspectos contractuais, así como o

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Ref^a: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

previsto na LCSP en relación coa subcontratación de calquera tipo de servizos, obras ou actividades propias desta.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentárase, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo. Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

O contratista adxudicatario estará obrigado a gardar sigilo sobre o contido do contrato e a non facer uso dos datos que coñeza ou dos que dispoña, para outras finalidades que o obxecto da contratación.

DÉCIMO NOVENA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase contra factura, á que se unirán os vales entregados polos beneficiarios, e unha vez efectuados os controis regulamentarios correspondentes e conformada polo coordinador de deportes do Concello, o Concelleiro de Deportes e maila Concelleira Delegada da Area de Economía e Emprego.

Tendo en conta que o prazo de canxe dos vales é do 16 ata o 30 de xuño e ós efectos de aplicar o tipo impositivo do 16% de IVE, as facturas emitiranse con data 30 de xuño.

O Concello reservarase o dereito de comprobar o prezo real de venda ó público do material deportivo adquirido polos beneficiarios, a tal efecto xuntarase á factura o listado do material sobre os que se aplicaron os vales con indicación do contido e prezos.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas nos artigos 206 e 284 da LCSP, así como polo incumprimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións técnicas deste contrato.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 207, 208 e 284 e seguintes da LCSP.

CONTRATACION, PATRIMONIO E FOMENTO

MLA/mla

Refº: Proposta material deportivo corre con nós 2010.doc 2010

Asunto: material deportivo participaantes CORRE CON NÓS

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contraditorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

Terceiro.- Aprobar o gasto de 22.750 euros con cargo á partida 34100.22609 do vixente Orzamento xeral

Cuarto.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 122, 141 e seguintes da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público.

Quinto.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

Lugo, 8 de abril de 2009

A TÉCNICO DO SERVIZO
SERVIZO
DE CONTRATACIÓN

O XEFE DO
DE CONTRATACIÓN

Asdo. Ana Tabarés Martínez

Asdo: Manuel Louzao Aldariz

CONFORME,
A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA

Asdo: Sonia Méndez García